

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.04.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.05 h do 05.04.2018, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do 15.02.2018

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobada a acta da sesión extraordinaria do 15.02.2018.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 223/2018 ao núm. 325/2018

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de corrección do erro material na acta do Pleno ordinario do 04.05.2017

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 28.03.2018 por unanimidade dos concelleiros presentes, (2 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NA ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 04.05.2017

O Concello de Fene realizou un Pleno ordinario do 04.05.2017, no que entre outros asuntos tratouse a seguinte moción urxente no seu punto: “**6.1 Moción do grupo municipal do PP pola que se solicita a constitución dunha Comisión Especial para o esclarecemento da presunta venda de chatarra sen fiscalizar**”.

Logo de comprobar que existe un erro material na súa redacción, no que quedou unha anotación interna de redacción que non debe constar, de xeito que:

Onde di:

"Sometida a urxencia a votación foi aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

A Moción do grupo municipal do PP pola que se solicita a constitución dunha Comisión Especial para o esclarecemento da presunta venda de chatarra sen fiscalizar introdúcese na orde do día polo voto unánime dos concelleiros presentes, logo de que o seu voceiro, Gumersindo Pedro Galego Feal, xustifica a súa urxencia en que :"

Debe dicir:

"A continuación a urxencia é sometida a votación resultando aprobada pola unanimidade dos concelleiros, polo que a moción que se transcribe a continuación queda incluída na orde do día:"

Tendo en conta o anterior, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, (BOE núm. 236, do 02.10.2015), establece:

"2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos que existan nos seus actos."

É polo que, propóñolle ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

1. Proceder a rectificar a acta do Pleno ordinario do 04.05.2017, de xeito que:

Onde di:

"Sometida a urxencia a votación foi aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

A Moción do grupo municipal do PP pola que se solicita a constitución dunha Comisión Especial para o esclarecemento da presunta venda de chatarra sen fiscalizar introdúcese na orde do día polo voto unánime dos concelleiros presentes, logo de que o seu voceiro, Gumersindo Pedro Galego Feal, xustifica a súa urxencia en que :"

Debe dicir:

"A continuación a urxencia é sometida a votación resultando aprobada pola unanimidade dos concelleiros, polo que a moción que se transcribe a continuación queda incluída na orde do día:"

Fene, 23 de marzo de 2018

O alcalde

Juventino José Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 5 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 12 abstencións (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal de Somos Fene).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Proceder a rectificar a acta do Pleno ordinario do 04.05.2017, de xeito que:

Onde di:

"Sometida a urxencia a votación foi aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

A Moción do grupo municipal do PP pola que se solicita a constitución dunha Comisión Especial para o esclarecemento da presunta venda de chatarra sen fiscalizar introdúcese na orde do día polo voto unánime dos concelleiros presentes, logo de que o seu voceiro, Gumersindo Pedro Galego Feal, xustifica a súa urxencia en que :"

Debe dicir:

“A continuación a urxencia é sometida a votación resultando aprobada pola unanimidade dos concelleiros, polo que a moción que se transcribe a continuación queda incluída na orde do día:”

4. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista para a eliminación das verteduras de fecais na parroquia de Limodre no lugar do Souto Vello

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 28.03.2018 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A ELIMINACIÓN DAS VERTEDURAS DE FECAIS NA PARROQUIA DE LIMODRE NO LUGAR DO SOUTO VELLO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN, para a súa tramitación como urxente.

Na parroquia de Limodre, no lugar do Souto Vello, dende a posta en funcionamento dos bombeos da EDAR, e normalmente coincidindo con días de intensas precipitacións, vense producindo desbordamentos de fecais por unha ou dúas tapas de bocas de sumidoiros da canalización de retorno dos sumidoiros.

Despois da denuncia de varios veciños da contorna, entre os meses de xuño e xullo de 2016, o entón Concelleiro de Obras e Servizos, realizou varias visitas á zona acompañado nunhas ocasións de técnicos de VIAQUA e noutras de técnicos de GESECO (empresa que xestiona os bombeos da EDAR).

Dado que cada unha das partes discrepaba en canto á responsabilidade e posibles causas, no mes de xullo de 2016, o entón Concelleiro de obras e servizos citou a ambas empresas: VIAQUA (como xestor da auga e o saneamento no Concello de Fene) e GESECO (como xestor dos bombeos da EDAR), no lugar do Souto Vello, co obxecto de clarexar a orixe da problemática.

Na visita conxunta determinouse, por todas as partes, que a orixe dos atascos no bombeo da EDAR sito no Souto Vello, e causa das verteduras de fecais, estaba na mestura de pluviais e fecais na zona do Castelo en Limodre. As canalizacións de fecais desta zona desembocan directamente no bombeo sito no Souto Vello. Nos días de fortes precipitacións viñan cargadas de diversos materiais (follas, ramas, etc.) que proveñen da recollida de pluviais da zona do Castelo. Descartándose o resto das opcións que se barallaban. Tamén ó remate da visita encargouse a VIAQUA que fixera unha valoración económica das obras que era necesario realizar para solucionar o problema.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de FENE a:

- 1) Unha vez que está determinada a causa dos verquidos de fecais, proceder a determinar a responsabilidade da mesma e iniciar con celeridade os procedementos oportunos para a eliminación dos verquidos (elaboración de proxecto e dotación de financiamento para realizar as obras ou demandar ao responsable segundo caso).
- 2) Informar ó pleno do Concello de Fene, a través da comparencia do actual Concelleiro de Obras dos avances realizados nun prazo máximo de tres meses.

Voceiro do Grupo Municipal Socialista
Antón Lois Noceda Carballo”

Na quenda de intervencións o grupo Popular, a través do seu voceiro Gumersindo Galego, anuncia o voto a favor desta moción, dicindo que subscribe integramente o seu contido. Propón a seguinte emenda: que todas as consideracións que se fan na exposición de motivos e na proposta de acordo se fagan estensivas aos problemas existentes no bombeo á Depuradora do Peirao Barallobre. Explica

que cre que xa van tres ocasións nas que, por motivos posiblemente similares aos de Limodre, comezan a xurdir problemas no Peirao de Barallobre.

O voceiro do PSOE, Antón Noceda, indica que entende pertinente a emenda do PP e que a aceptan.

O voceiro de Somos Fene sinala que están de acordo coa moción, que votarán a favor e que se suman á emenda.

A voceira do grupo Mixto, M^a Carmen Martínez, anuncia a súa abstención.

O concelleiro de Obras, Justo Martínez Ardá, di que o goberno está de acordo en que é necesario dar unha solución definitiva ao problema existente pero que hai un concurso en licitación para melloras na rede de saneamento e consideran que deberían agardar o resultado do mesmo para incluír esta obra no contrato e non ter que asumir o custo o Concello. Por isto, sinala, o grupo do BNG vaise abster na votación.

O Sr. Noceda aclara que a moción non di que teña que ser o Concello o que asuma o custo das obras e cre que o que vén de dicir o Concelleiro de Obras está recollido na moción e que poderían ser máis xenerosos no sentido do seu voto.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (1 do grupo Mixto municipal e 4 do grupo municipal do BNG).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1) Unha vez que está determinada a causa dos verquidos de fecais de Limodre e Ribeira de Barallobre, proceder a determinar a responsabilidade da mesma e iniciar con celeridade os procedementos oportunos para a eliminación dos verquidos (elaboración de proxecto e dotación de financiamento para realizar as obras ou demandar ao responsable segundo caso).**
- 2) Informar ó pleno do Concello de Fene, a través da comparecencia do actual Concelleiro de Obras dos avances realizados nun prazo máximo de tres meses.**

5. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista para instar ao goberno á demolición da depuradora de Maniños e a posta en valor do contorno

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 28.03.2018 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR AO GOBERNO Á DEMOLICIÓN DA DEPURADORA DE MANIÑOS E A POSTA EN VALOR DO CONTORNO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN, que presenta para a súa tramitación Urxente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xullo de 2016, o entón Concelleiro de obras e servizos e a Concelleira de Medio Ambiente, visitaron a depuradora de Maniños acompañados de técnicos. Na previsión de que o baleirado de lodos realizaríase nos meses seguintes, se lles encargou a elaboración do proxecto de demolición da depuradora e de posta en valor do espazo que ocupa esta instalación.

O goberno do BNG no Concello de Fene, informou que no mes de setembro de 2016, a empresa Viaqua iniciou os traballos de retirada de lodos da depuradora de Maniños, traballos dos que se informou do seu remate ben avanzado o 1º semestre do ano 2017.

Máis adiante o Goberno do BNG informou que se tiñan iniciado contactos para acadar a financiación para esta iniciativa, sen que ate a data se volvesen a ter novas.

Neste mes de febreiro de 2018, despois de meses de retraso e tras reiteradas solicitudes de veciños da zona, a empresa Viaqua acomete as obras para neutralizar as últimas verteduras na depuradora de Maniños e canalizalos á rede de sumidoiros. Sen que se teñan novas da demolición da depuradora e posta en valor do contorno.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de Fene a:

- 1) Continuar os traballos de elaboración dun anteproxecto para a demolición da depuradora de Maniños e a posta en valor do espazo no que está asentada que preste especial atención ó mantemento e reposición de accesos e subministración da veciñanza da contorna.
- 2) Reiniciar de inmediato as conversas con Portos de Galicia e no seu caso coa Demarcación de Costas para implicar a estas administracións no financiamento, elaboración e realización do proxecto e as autorizacións que correspondan.
- 3) No caso de que as xestións con Portos de Galicia e no seu caso coa Demarcación de Costas non de resultados positivos no prazo de tres meses dende a aprobación da presente resolución, iniciar os traballos para a acometer o proxecto e as obras por parte do Concello, Prestando especial atención ó mantemento e reposición de accesos e subministracións da veciñanza da contorna.

Voceiro do Grupo Municipal Socialista
Antón Lois Noceda Carballo"

Na quenda de intervencións, o voceiro do PP anuncia o voto a favor da moción e indica que lle sorprende que pasara tanto tempo despois de que o goberno anunciara que trataría de incluír o acondicionamento da área desa antiga depuradora e a demolición da nave de Fondomar, pero que se trata do tipo de obras que van á prensa pero que non teñen efectividade dentro do traballo municipal. Sinala que se esta moción empurra a acción do goberno para que faga algo, benvida sexa.

Somos Fene di que está de acordo coa moción e que votarán a favor.

O grupo mixto anuncia a súa abstención.

O Concelleiro de Obras, Justo Martínez Ardá, indica que están algo de acordo coa moción. Informa que están en contacto con Portos de Galicia polo tema da depuradora e sinala que o que anunciou a demolición da nave de Fondomar cos orzamentos de 2018 non foi este goberno, senón o organismo Portos de Galicia, da Xunta de Galicia. Engade que lles parece de broma dicir que en 2 anos non se fixo nada cando Fondomar leva máis de 15 anos para demolerse. Informa que eles si fixeron xestións sobre este tema, pero que xa non está dentro das súas competencias e anuncia a abstención do grupo do BNG.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, sinala que non entende que ten que ver Fondomar co tema da moción e engade que parte dos terreos da depuradora si son propiedade municipal e que polo tanto supón que algunha responsabilidade ten o Concello.

O Concelleiro de Obras informa que na reunión mantida con Portos de Galicia falárase de deixar a zona municipal sen derrubar porque ese muro faría de contención para as terras.

O Sr. Noceda matiza que os técnicos que comezaran a facer o anteproxecto tiñan dúbidas respecto ao muro da zona municipal e precisaba un informe complementario e reitera que, aínda que o muro quede, algo de responsabilidade segue a ter o Concello. Engade que pretender evitar todas as responsabilidades neste sentido parécelle dunha lixeireza non propia do lugar no que están agora mesmo, e que se o que queren é involucrar as demais administracións propietarias parécelle correcto

e a moción xa o recolle. Indica de novo que botar balóns fóra nesta cuestión parécelle preocupante e que pensaba que terían unha opinión máis seria e máis responsable.

O Concelleiro de Obras sinala que seguirán reclamando unha solución, igual que fixeron coas obras das curvas de Santa Ana, a quen lle compete, que é Portos de Galicia, para que asuman as súas responsabilidades e executen os traballos.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo do PP, Gumersindo P. Galego Feal, e amosa unha nota de prensa e unha fotografía indicando que non a enviou Portos de Galicia, senón o goberno municipal, dá lectura á mesma, que data do 30 de novembro de 2016.

O Concelleiro de Obras sinala que non se refería a esa nota senón ao anuncio sobre os orzamentos de 2018, e que o que acaba de ler o voceiro do PP pon de relevo o traballo do goberno municipal.

Durante a votación, o alcalde chama á orde á concelleira Rocío Bértoa por facer comentarios en voz alta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (1 do grupo Mixto municipal e 4 do grupo municipal do BNG).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1) Continuar os traballos de elaboración dun anteproxecto para a demolición da depuradora de Maniños e a posta en valor do espazo no que está asentada que preste especial atención ó mantemento e reposición de accesos e subministración da veciñanza da contorna.**
- 2) Reiniciar de inmediato as conversas con Portos de Galicia e no seu caso coa Demarcación de Costas para implicar a estas administracións no financiamento, elaboración e realización do proxecto e as autorizacións que correspondan.**
- 3) No caso de que as xestións con Portos de Galicia e no seu caso coa Demarcación de Costas non de resultados positivos no prazo de tres meses dende a aprobación da presente resolución, iniciar os traballos para a acometer o proxecto e as obras por parte do Concello, Prestando especial atención ó mantemento e reposición de accesos e subministracións da veciñanza da contorna.**

6. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista de apoio ás reivindicacións laborais dos funcionarios e funcionarias de xustiza de Galicia

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 28.03.2018 por 2 votos a favor (1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 5 abstencións (2 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación ao APOIO ÁS REINVIDICACIÓNS LABORAIS DOS FUNCIONARIOS E FUNCIONARIAS DE XUSTIZA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 16 de novembro de 2017 os traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza facían concentracións ante as sedes xudiciais das sete principais cidades de Galicia para reclamar algo tan básico ao Goberno Galego como o feito de acabar coa discriminación que sofren os funcionarios/as deste sector no noso país con respecto aos doutras comunidades autónomas.

A negativa dos máximos dirixentes da Xunta de Galicia e do Partido Popular a escoitar a xusta reivindicación destes traballadores/as e a sentarse a negociar en serio unha solución, derivou na convocatoria os días 1 e 13 de decembro dunha folga do sector.

Debido a estas mobilizacións e á presión política exercida no Parlamento de Galicia polo PSdeG-PSOE e o resto de grupos da oposición, o Grupo Popular, co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, á cabeza, votaba a favor das reivindicacións deste colectivo, lográndose así, polo menos sobre o papel, un apoio unánime da cámara galega aos traballadores/as de Xustiza.

Posteriormente, a partires do 19 de decembro, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais celebrábanse 3 xuntanzas para acadar un acordo nos 5 puntos esixidos ata que, de novo, o señor Rueda amosou a súa dobrez, non respectando a decisión unánime do pleno do Parlamento que el mesmo votara e demolendo os tímidos avances acadados pola mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.

Todo isto aboca a unha nova xornada de folga o día 25 de xaneiro, transformada logo do 7 de febreiro na actual folga indefinida que está a vivir a Administración de Xustiza, e que está a ocasionar xa, pola cerrazón e inmovilismo do Goberno de Feijóo e, particularmente do seu Vicepresidente, Alfonso Rueda, serios inconvenientes ao conxunto da cidadanía galega.

Serios polos retrasos que se están a vivir, pero serios tamén porque o efectivo goce de Dereitos e Liberdades e o crecemento económico que diso se deriva fan imprescindible contar cun bo sistema de Xustiza.

Pese a isto, nos últimos anos a Xunta de Galicia non soubo facer fronte á crise económica e tentou capear o temporal, como en tantos outros campos, realizando unha xestión ineficiente e optando polo camiño máis fácil, pero máis destrutivo para os dereitos da cidadanía: recortes de persoal, redución de salarios aos funcionarios/as, que entre 2013 e 2016 perderon de media o equivalente a 3 pagas extraordinarias.

En definitiva, atopámonos nun momento de grave risco para o funcionamento eficaz do servizo público de Xustiza no noso país, as políticas da Xunta, baixo a escusa da austeridade, están a derivar as súas prestacións en favor de intereses privados, temos un servizo ineficaz e ineficiente da Oficina Xudicial e, como consecuencia, órganos xudiciais saturados e un funcionariado mal distribuído e explotado ao ter que asumir unha carga de traballo extra debido á escaseza de persoal e recibir por iso, aínda por riba, un salario inferior ao que reciben os seus homólogos no resto de comunidades autónomas.

Ante todo elo, é de xustiza que a cidadanía amose todo o seu apoio ás traballadoras e traballadores deste sector, que non poden consentir que os seus dereitos sigan minguándose e con eles, tamén os dereitos de todos e todas nós. Por iso, debemos solidarizarnos cunhas reivindicacións que cremos máis que xustas, como son, a equiparación en baixas médicas con Xuíces, Letrados Xudiciais e Fiscais, a devolución de partidas salariais que lles foron recortadas entre 2013 e 2016, os descontos por incapacidade laboral ou substitucións e creación das prazas ocupadas por funcionarios de reforzo, equiparación salarial entre persoal fixo e substitutos, así como o complemento autonómico transitorio, coa fin de diminuír a discriminación salarial que sofren as nosas funcionarias e funcionarios respecto dos do sector noutros territorios do Estado.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene , acorda:

1. Amosar o seu apoio á convocatoria de folga e ás xustas reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza de Galicia.
2. Instar á Xunta de Galicia e, nomeadamente, ao seu Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, a escoitar a eses traballadores/as e a negociar unha solución que poña fin á súa discriminación e permita devolver á normalidade o funcionamento das sedes xudiciais do noso país.

Fene, 26 de febreiro de 2018

Voceiro do Grupo Municipal Socialista
Antón Lois Noceda Carballo"

O voceiro do grupo socialista, Sr. Noceda Carballo, fai un chamamento á xenerosidade de todos os grupos para a aprobación desta moción.

Na quenda de intervencións, o voceiro do grupo popular, Sr. Galego Feal, anuncia que vai facilitar a aprobación desta moción coa súa abstención. Sinala que non comparten os argumentos desta e que a Xunta de Galicia fixo ofertas bastante razoables, tendo en conta que non é unha empresa e que está limitada polas consignacións orzamentarias da Comunidade Autónoma e que, polo tanto, as pretensións que teñen os traballadores da función pública, sen entrar no tema dos medios materiais e persoais, que entende que son necesarios, deberían contar cunha certa flexibilidade por parte dos representantes sindicais. Sinala que agora se aceptou a mediación no conflito do Consello da Avogacía Galega e agarda que esta conleve a pronta solución deste conflito.

Somos Fene, grupo mixto e BNG anunciaN o voto a favor da moción.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Amosar o seu apoio á convocatoria de folga e ás xustas reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza de Galicia.**
- 2. Instar á Xunta de Galicia e, nomeadamente, ao seu Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, a escoitar a eses traballadores/as e a negociar unha solución que poña fin á súa discriminación e permita devolver á normalidade o funcionamento das sedes xudiciais do noso país.**

7. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista para establecer un sistema público de pensións con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 28.03.2018 por 1 voto a favor, (1 do grupo municipal Socialista) e 5 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do PP e 1 do grupo Mixto), á que dá lectura o concelleiro do grupo Socialista Joaquín Ayala:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓN CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sistema Público de Pensións constitúe a política pública con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).

As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensións. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensións, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e co novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo

empobrecemento. E todo iso, fixérono mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensións privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social.

Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensións, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensións nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuír e ser protexidos polo sistema.

O PP está laminando o Sistema Público de Pensións sometendo a un espolio permanente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.

O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos. En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensións no período 2012 - 2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.

O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.

Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.

No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propomos. Para iso, expomos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.

Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

1. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.
2. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.

3. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:
 - a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.
4. Incrementar os ingresos do sistema:
 - a. Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións
 - b. Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.
5. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.
6. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):
 - a. Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.
 - b. Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.
7. Introducir no Pacto de Toledo, **un novo principio de "reequilibrio orzamentario"**, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.

Fene a 26 de febreiro de 2018"

Na quenda de intervencións, o voceiro do PP, o Sr. Galego Feal, sinala que non está de acordo coa moción e votará en contra. Sinala que non son certas moitas das consideracións contidas na exposición de motivos e que deba sacarse do debate político o tema das pensións, pero saben que non é posible, e circunscribe unicamente ao Pacto de Toledo. Lembra que o primeiro presidente do goberno que conxelou as pensións foi o Sr. Zapatero e que a pesar dos malos tempos que tocou vivir, co seguinte goberno do PP houbo unha revalorización aínda que pequena. Observa que está ben pedir a revalorización das pensións conforme ao IPC cando este sube, pero lembra que durante o goberno de Zapatero o IPC foi negativo e pregunta se habería que ter baixado as pensións. Cre que estas cousas non veñen ao caso porque hai determinados índices hoxe en día que se poden calibrar para calcular as pensións sen que teña que ser obrigatoriamente o IPC, e que a mellor garantía para as pensións é o traballo, e nos últimos anos houbo creación de emprego. Sinala que non lle parece oportuno dicir que o PP favorece os plans de pensións privados cando son os dirixentes socialistas os que teñen uns plans de pensións privados. Fai mención á suba proposta para as pensións mínimas e as de viuvez, e sinala que o tema non é fácil de resolver e que todos os políticos deberan sentarse arredor do Pacto de Toledo e volver dar estabilidade ao sistema. Lembra que o fondo de reserva da Seguridade Social foi creado nun goberno do PP cando era o Sr. Aznar presidente, e que se se fixera antes con Felipe González agora tería máis cantidade. Engade que o sistema é deficitario, e que arranxalo con subidas de impostos ten os seus pros e os seus contras, e reitera que opta por sacar este tema do debate político e levalo a un foro de expertos que xa está constituído e que é o Pacto de Toledo.

O voceiro de Somos Fene, Sr. Bastida, indica que, aínda que lles gustaría afondar máis nas especificidades da poboación de Galicia, están de acordo coa moción e votarán a favor.

O grupo mixto e o do BNG anuncian que votarán a favor.

O concelleiro do grupo socialista, Joaquín Ayala, sinala que é un tema que nos afecta todos e que a el quédalle un ano e pico para coller a xubilación, e que lle afecta o factor de sustentabilidade, xa que a súa pensión será un 0.5 % menor que a do compañeiro que se xubila un mes antes. Engade que ao PSOE lle preocupa o tema das pensións igual que lle pode preocupar a calquera partido deste pleno. Achega datos da Seguridade Social sobre a contía media das pensións en España e en Galicia, concretando que en Ourense dase a pensión máis baixa de todo o Estado Español, con 680 euros de media. Cre que ao PP tamén lle preocupa o tema, pero que non dá coa solución e dá datos de subas de salarios aos membros do executivo e ao presidente do Tribunal Constitucional. Sobre o IPC negativo, Ayala indica que no 2014, 2015 e 2016 este índice tamén foi negativo, e que é verdade que as pensións subiron un 0,25%, pero entre 2012 e 2017 a revalorización das pensións foi do -1,45%, recoñecido polo INE, e que durante o goberno de Zapatero revalorizáronse un 2,2%. Ayala continúa con datos do orzamento Estatal de 2018, concretando as partidas sobrantes de programas como I+D+I ou infraestruturas, e indicando que se poderían ter incrementado as pensións con estes cartos que non se executaron no orzamento 2017.

O voceiro do grupo popular sinala que no seu argumentario tamén ten cifras e que ao final non se van entender. Pregunta se nos anos de goberno do PSOE se gastou sempre o orzamento ao 100%, e resposta que nunca un goberno, do partido que fora, executou os orzamentos ao 100%. Sobre a contía media da pensión en Galicia, recoñece que é baixa, e a continuación pon o exemplo, advertindo que ninguén se sinta ofendido, das pensións de Endesa, ou no seu día as pensións de Astano, engadindo que moitos vivían do campo que non era un sector rendible e que non daba para pagar as pensións. Explica que moito do que ocorre en Ourense vén motivado precisamente por ese tema, por ser unha provincia pouco industrializada. Sinala que hoxe en día existe o complemento a mínimos para as pensións máis baixas.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar ao goberno de España a:

Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

- 1. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.**
- 2. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.**
- 3. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:**
 - a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.**
 - b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.**
- 4. Incrementar os ingresos do sistema:**
 - a. Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das**

entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións

- b. Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.**
- 5. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.**
- 6. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):**
 - a. Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.**
 - b. Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.**
- 7. Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de "reequilibrio orzamentario", un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.**

8. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

9. Rogos e preguntas

O alcalde indica que hai preguntas sen respostar do pleno anterior e que as respostarán neste punto. Dá a palabra ao Partido Popular.

O voceiro do grupo do PP, Gumersindo P. Galego Feal, indica que onte viu na prensa declaracións do alcalde dicindo que a xustiza non é imparcial e que non había separación de poderes. Afirmo que pouco menos que acusaba aos xuíces de ter tomado partido pola moción de censura do PP en Fene. Sinala que non sabe a que viñan esas declaracións porque as sentenzas que entraron no Concello refírense ao grupo de Somos Fene. Pregunta que, se non dixo isto o alcalde, se ratifica no que manifestaba unha persoa do seu partido neste sentido e que foi publicado, cando menos, no Diario de Ferrol e na Voz de Galicia.

Referíndose ás mesmas publicacións, indica que o alcalde dicía que a sentenza apuntala a moción de censura do PP en Fene. Roga que manifeste neste pleno se o ratifica e se o sigue mantendo.

No caso de que conteste afirmativamente ao anterior, se cre todo iso da xustiza, pregunta por que foi o alcalde ante a xustiza a pedir que lle amparasen o seu dereito fundamental a seguir permanecendo como alcalde neste Concello promovendo un contencioso-administrativo. E que se non cre na xustiza por que presentou un recurso de apelación contra o arquivo das dilixencias sobre o tema da venda de chatarra.

Sinala unha noticia recollida nun boletín do BNG na que di que o PP teima en gañar nos xulgados o que é incapaz de gañar como oposición. Pregunta ao alcalde se ten algunha resolución do PP en contra do Concello ou do alcalde. Pregunta por que o alcalde pretende gañar unha alcaldía facendo ilegalidades xa declaradas por un xulgado cando é o PP o que gañou as eleccións.

Pregunta, se non cre na Xustiza, por que admite unha solicitude dun policía local dunha comisión de servizos fóra de prazo e, en cambio, si lle vale a resolución da Fiscalía de Ferrol. Pregunta se cre na Fiscalía, pero non na xustiza. Pregunta por que pagou a un funcionario deste Concello un carné de primeira e ao resto dos funcionarios non. Pregunta se ten pensado abrir unha convocatoria pública para as persoas que precisen o carné de primeira e que o sufrague o Concello.

Pregunta ao alcalde por que cando saíu concelleiro non renunciou ás Comisións que cobraba deste Concello pola venda de seguros a este Concello.

A Concelleira Rocío Bértoa pregunta á Concelleira de Servizos Sociais, en relación coas axudas de emerxencia social, que a que se debe o retraso que hai na tramitación. Indica que hai tres anos dicían que era por falla de persoal e que agora hai unha lista de substitucións e o tema económico está solucionado.

Dille á concelleira de Servizos, Persoal e Organización que cre que ten que ser máis consciente coas súas manifestacións, referíndose a unha entrevista publicada nun boletín, na que indica como actuacións da súa área asuntos que son competencia da Xunta ou do Estado, como a mellora da seguridade viaria en Santa Ana ou xestións na Depuradora de Maniños. Afirma que o goberno municipal non fixo nada.

Roga que solucionen os temas da cobertura de prazas de policía local, pregunta que están facendo coa OEP que aprobaron a final de ano, pregunta cando van estar os informes de intervención e secretaría que avalen a proposta do PP de non amortizar ningunha praza, e cando se vai cubrir a praza de policía co axente de mobilidade.

Sobre o contrato do servizo da limpeza de colexios, a Concelleira Rocío Bértoa pregunta á Concelleira de Servizos se cando sacaron o contrato non previron a subrogación de persoal ou ben se estaba prevista no prego, da que ela non se enterou e por iso non soubo contestar na Comisión. Sobre outros contratos, indica que o goberno só renovou os que xa existían co PP (instalacións deportivas, servizo catastral e servizo de axuda no fogar) e que o único que se poden atribuír é o do servizo da limpeza da colexios, que se privatizou durante o bipartito PSOE- BNG no 2009, pero sen contrato, e que cando chegou o PP e quixo regularizar a situación facendo unha modificación orzamentaria, PSOE e BNG votaron en contra.

A Sra. Bértoa diríxese á concelleira Mariela Aguilar e le o texto dun cartel que di "El juzgado lo dice: la señora Aguilar se saltó a la torera la legalidad. ¿Qué hará usted el 6 de abril? ¿Volverá a decidir por todos los feneses?". Pregúntalle que vai facer no pleno do día seguinte.

O alcalde intervén e di que, dado que non hai ningunha pregunta máis alá de cuestións persoais, toman nota delas e respostarán no seguinte pleno.

O concelleiro Andrés Serantes pregunta se será no pleno do día seguinte.

O alcalde reitera que no seguinte pleno.

A concelleira Rocío Bérta pide que se lle contesten dúas preguntas de hai dous plenos, sobre facturas de material e mantemento para o campo de fútbol e a piscina municipal.

O alcalde dá a palabra aos concelleiros/as para respostar preguntas pendentes do pleno anterior.

O Concelleiro Justo Martínez, sobre as facturas de material, explica que era material para amañar unhas tuberías na piscina municipal e un tramo de tubería da caldeira do campo de fútbol. Explica que se mercou o material e os traballos foron realizados por traballadores de SEDEGA nas horas libres. Sobre a pregunta do PSOE sobre a rúa Travesa, di que os traballos están requeridos desde xaneiro e pendentes de que se poidan realizar. Sobre os expedientes que sempre pregunta o voceiro do PSOE, indica que non lle vai respostar no pleno por ser expedientes particulares e considera que no é de recibo, e que, se quere, ao día seguinte poden revisalos para que informe aos veciños de como está cada un. En canto ás cesións de O Carril, lembra que xa informara nunha Comisión que dende a Notaría requiriron unha documentación porque os propietarios son herdeiros dunha persoa que faleceu, e que se acudiu tamén ao domicilio que quedaba pendente de presentar as escrituras, cos técnicos municipais, para que fagan un plano de detalle da zona que teñen que ceder.

Toma a palabra a Concelleira Mariela Aguilar resposta, sobre a recollida de pilas, que foron recollidas todas, e que en caso de que quede algunha, pide que se lles avise por teléfono. Sobre as desratizacións informa que se están facendo continuamente en todas as zonas do Concello e que normalmente os veciños veñen polo Concello a avisar ou chaman por teléfono.

Toma a palabra a Concelleira Alejandra Permuy, e sobre a pasarela que dá ao entrechán do Concello, informa que se fixo unha actuación hai tres ou catro meses sobre unhas pequenas gretas, que se amañaron e se pintaron, e que se voltará a mirar cando mellore o tempo. Sobre unha farola da Avenida do Concello, di que están agardando o orzamento da empresa para pasarlle o custo ao seguro. E sobre a mellora da iluminación na zona de Pan Perlío, di que o tiña como un rogo.

A Concelleira M^a Carmen Martínez resposta a unha pregunta sobre o desglose dos custos das actividades do 8 de Marzo. Indica que a obra de teatro foron 852 euros, o día das lavandeiras foron 57,09, as actividades nos Colexios "Rapaces de Conto" foron 800 euros, e a imprenta 193,60 euros.

O alcalde dá a palabra ao grupo Socialista para proceder ás preguntas. O voceiro, Antón Noceda, pregunta sobre o arranxo de deficiencias no edificio do Centro de Saúde.

A Concelleira Alejandra Permuy resposta que sobre o tellado non lle pode dicir, pero que sobre a caldeira, amañáronse estes días as bombas e se están a solicitar orzamentos para facer a reparación completa. Mentres tanto, como non poden poñer a calefacción, se subministraron 4 calefactores, 2 para os servizos básicos e dous para pediatría, mentres non se poidan realizar as reparacións.

O voceiro Socialista pregunta o Concelleiro de Urbanismo e Obras sobre obras na zona do Río Cádavo e nunha rúa.

O Concelleiro resposta que na zona intermedia hai algunha zona puntual con algunhas fochancas e que a zona baixa está moi deteriorada e que habería que facer unha reparación completa.

O Sr. Noceda indica que a solución que deron aos pasos peonís elevados da Rúa Tarrío non lles parece a solución axeitada, e pregunta se lle van a insistir á empresa para que os deixe máis curiosos.

O Concelleiro de Obras di que esta foi unha solución puntual e que agardan que a melloren.

O voceiro Socialista pregunta polo Plan de ordenación urbana e o Concelleiro de Urbanismo indica que os técnicos municipais están a revisar a reclamación feita pola empresa redactora do Plan.

O Sr. Noceda indica que se cambiaron algunhas táboas do parque do Río Cádavo, as que estaban en risco de caer, pero que se deixaron outras deterioradas.

Pregunta se se vai continuar coa reposición destas táboas. Indica, sobre a limpeza de barro realizada nestes días no Paseo de San Valentín, que se podía ter feito antes, e roga que para a vindeira ocasión se faga antes.

Roga a reparación ou substitución de parte das madeiras do chan deste Paseo. Roga que se axilice a concesión dunha pasaxe para o negocio situado en Avda. Das Pías nº 8.

Pregunta se a mellora do alumeadado da zona de Pan Perlío e de Magalofes se ten previsto realizar. Sobre a obra de cambio de varandas no acceso a San Valentín, roga que se avise á entidade que está a executar a obra porque se están a deixar ás veces cavillas sen cortar no chan, e indica que se non se poden deixar ben rematados os traballos do día, se proceda ao valado da zona para impedir que accedan persoas porque é perigoso.

Roga se substitúa cando antes, no acceso Avenida das Pías a Servizos Sociais, unha lámina que apoza auga.

Roga que se retomen as xestións para a construción dunha senda peonil pola costa. Roga que se poñan coa cuestión da instalación de puntos de letura en determinadas zonas do Concello, en concreto co do Centro de Saúde e do Pavillón da Xunqueira.

Sobre o problema das pombas no Xulgado, pregunta se teñen alternativas de solución e cando pensan que se poderá ter solventada a situación.

Sobre a tala de palmeiras en San Valentín, indica que preguntaron no departamento técnico sobre a previsión de ampliación da vía na que se atopaban e lles dixeron que non había ningunha, polo que solicita aclaración desta cuestión.

Roga á Concelleira de Medio Ambiente que estude as posibilidades de incrementar as accións contra a praga de ratas que asecura que existe neste momento.

Indica que lle sorprende a información do boletín do BNG no que di que arranxaron os problemas de seguridade nas curvas de Santa Ana, e sinala que crían que a intervención era de Fomento e que se arranxaron pero non demasiado ben, e que cre que todos os partidos políticos deste Pleno asinaron un documento nese sentido, pedíndolle a Fomento que tome medidas para que os veciños da zona non queden illados. Di que non queren facer polémica co asunto e que a súa intención é que

camiñen todos xuntos, pero advirte que coiden ese tipo de informacións porque poden despistar a algunha xente.

Por outra banda, sobre a afirmación de que non hai mocións de urxencia presentadas en tempo, o Sr. Noceda di que o seu grupo discrepa, acata a decisión e, se o considera oportuno, presentará reclamacións onde corresponda. Indica que se reservan para a comparecencia que teñen pedida da Concelleira de Organización e Servizos, pero roga que en adiante non volva a pasar o que pasou e que, se uns partidos políticos piden os locais municipais para facer actividades, é bo que o fagan todos. Engade que non é recomendable que nos actos dos partidos estea persoal do Concello en horas de traballo.

O concelleiro do grupo Socialista Joaquín Ayala pregunta ao alcalde se ten algunha noticia sobre o local que estaba en proceso de permuta para ASPANEPS. Ao concelleiro de Educación pregúntalle sobre se foron quen de procurar un local para que desenvolva a súa actividade o Instituto Galego de TDH.

Indica que entende que a Concelleira non é responsable de a onde vaian os traballadores, pero que na acta da Xunta de Goberno Local do 18.01.2018 se aprobaron varios expedientes de axudas de emerxencia social e cre que no punto 4 hai unha excesiva demora na resolución do expediente, dado que a persoa que solicita o expediente o fai o 27.03.2017, a traballadora social emite un informe o 31 de maio, que cre está ben, pero resulta que queda un expediente complementario que se realiza en outubro de 2017, e isto porque houbo uns reparos da interventora que tivo que subsanar a traballadora social, co cal se resolveu na data do 10.01.2018. Roga que haxa reunións da interventora coas traballadoras sociais e que haxa máis comunicación entre os traballadores.

O alcalde indica que toman nota de todos os rogos e que as preguntas serán respostadas no seguinte pleno.

O voceiro de Somos Fene, Xoán Manuel Bastida, diríxese ao alcalde e sinala que na rolda de prensa preguntou aos concelleiros de Somos Fene por que apoian a moción de censura do Partido Popular; respóstalle que é porque el é un alcalde auto-investido con enganos e cun golpe de man, e porque el e o seu partido non saben respectar os pactos políticos que se fan, contan mentiras...

O alcalde pídelle que faga a pregunta.

O Sr. Bastida indica que está a facer unha introdución. Continúa dicindo que apoian a moción porque os membros do grupo Somos Fene non son afiliados do partido Participación Democrática Directa de Galicia e que o alcalde non se dirixiu nunca a eles como os concelleiros de PDDG, senón de Somos Fene, porque a representación do BNG é de 4 concelleiros de 17; considera que para criticar que apoien ao PP, o BNG debería mirar para atrás e revisar a súa moralidade, que considera que non está intacta, dado que o BNG fixo que Gumersindo Galego fora alcalde por non apoiar ao Partido Socialista hai catro anos, e porque afirma que apoiaron, xunto do Partido Popular, a caída da alcaldía do alcalde de Cee. Pregunta ao alcalde se lle parece ben a resposta que lle acaba de dar.

O alcalde pregunta se ten algunha pregunta máis e o Sr. Bastida di que non. O Sr. Trigo sinala que lle contestará no seguinte pleno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.55 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.
F:
P-
150
360
0-G